

**Sociedade Galega do Medio
Ambiente, S.A.
SOGAMA**

1.- INTRODUCCIÓN

Os orzamentos da Sociedade Galega do Medio Ambiente para o ano 2.006 elaboráronse en base ao mellor coñecemento actual dos parámetros que interveñen nos mesmos.

2.- ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

2.1.- INGRESOS

A continuación descríbense, de forma somera, as hipóteses de partida utilizadas na elaboración do orzamento de ingresos para o ano 2.006.

2.1.1. Ingresos por vendas netas.

Ingresos por venda de enerxía eléctrica (Vendas Nacionais).

Realizouse unha estimación dos prezos de venda de enerxía para cada unha das instalacións de produción. Habida conta da recente entrada da Planta de Coxeneración no mercado, todas as instalacións percibirán a suma do prezo de mercado, prima, incentivos e complementos en virtude do recollido no RD 436/2004.

- O prezo medio de mercado P_m , estimouse mes a mes, mediante unha proxección dos prezos do período xaneiro-xullo de 2.005 cun coeficiente redutor de 0,85 por considerar que o prezo da enerxía neste período foi excepcional, como consecuencia da baixa hidraulicidade, da climatoloxía (olas de frío e calor) e do axustado da potencia instalada a nivel nacional.

En canto aos prezos do período agosto – decembro de 2.004 supúxose un incremento do 10%, para o mesmo período de 2.006.

- Supúxose un incremento das primas e incentivos en cada instalación equivalente ao 1,4% das percibidas en 2005. Deste xeito obtense unhas primas + incentivos de 2,230 cent. €/kwh na PTE e de 1,859 cent. €/kwh na PCOG.
- O custo dos desvíos estimouse en base á experiencia de Sogama.

Baixo estas premisas obtense un prezo medio de venda de 6,23 cent €/kwh na PTE e de 5,86 cent. €/kwh na PCOG, que superan notablemente os valores previstos para estes parámetros no Plan de Viabilidade da Sociedade.

Por outra parte, realizouse unha estimación dos parámetros principais de dispoñibilidade, produción bruta e produción neta. A enerxía neta total producida estímase en 116.642 Gwh na PCOG e 326.155 Gwh na PTE, cuxa suma supera os valores de exportación de enerxía previstos no Plan de Viabilidade para o ano 2.006 (424.750 Gwh).

Ingresos por Canon de tratamento de Residuos Urbanos (Prestación de Servizos).

Suponse un Canon de tratamento de 47,00 €/Tm de RU que se obtén de aplicar o incremento do IPC esperado, do 3,5% ao Canon real de 2.005, de 45,41 €/tm.

En canto á cantidade de residuos a tratar, fíxose una proxección baseada nas cantidades reais xestionadas no período xaneiro – xullo de 2.005 e agosto – decembro de 2.004 cunha taxa de incremento interanual debida, principalmente á incorporación de novos clientes, que arroxa unha previsión de 848.980 Tm para o ano 2.006, tendo en conta a incorporación do Concello de Santiago de Compostela, que se fixo efectiva en xullo de 2.005.

Ingresos por recollida, clasificación e valorización de envases lixeiros (Prestación de Servizos).

Suponse unha cantidade de envases a xestionar por Sogama, de 16.200 Tm para o ano 2.006, estimada en base á recepción actual e ao incremento interanual previsto.

Asemade espérase superar a cifra de 7.000 Tm anuais de metais férricos recuperados na PRTE procedentes da bolsa negra e unhas 200 Tm de aluminio.

En canto á valorización enerxética de envases, suponse un contido do 12,00% en envases na bolsa negra e uns factores de compensación do 78% (a fixar por Ecoembes) así coma un fondo de valorización (porcentaxe que percibe Sogama) do 50%, que sofre unha redución importante no novo Convenio subscrito pola Xunta de Galicia e Ecoembes, recibido oficialmente en Sogama o 3 de agosto de 2.005.

Todo isto, supón unha redución importante dos ingresos de Sogama neste concepto, pois o fondo de valorización a percibir por Sogama fora fixado no 100% no Plan de Viabilidade.

Ingresos por tratamento de residuos animais (MER) (Prestación de Servizos)

Supúxose unha cantidade de cadáveres a xestionar por Sogama de 8.000 Tm anuais para 2.006. Asemade, o prezo de tratamento orzamentouse en 165.- €/Tm.

Tamén neste capítulo o nivel de ingresos redúcese notablemente con respecto ao previsto no Plan de Viabilidade.

2.1.2. Ingresos financeiros e asimilados.

Neste capítulo, orzamentanse os ingresos varios, que se relacionan a continuación:

Ingresos Financeiros (Xuros).

Orzaméntase unha cantidade de 171.300.-€, que se obtén das estimacións realizadas para o contrato de aseguramento de tipos de xuro, e das operacións que se prevé realizar con posibles puntas de tesourería.

Repercusión de gastos a provedores (Outros).

Este capítulo recolle os gastos realizados por Sogama, que se repercuten a distintos provedores, segundo os contratos en vigor: consumo de enerxía, teléfonos, seguro de instalacións, depuración de augas, etc. Estímase un importe de 1.175.000.- €.

Aplicación das provisións (Outros).

Prevese realizar unha aplicación das provisións acumuladas do vertedoiro de Areosa, en concepto de gastos posteriores á clausura do vaso de vertido actual, trala apertura dun novo vaso que se prevé realizar en 2.006. Estímase un importe de 300.000.-€.

Ingresos a distribuír en varios exercicios.

Refírese basicamente á periodificación, como ingresos, das subvencións de capital, obtidas para a construción do Complexo (Bruxelas), para a construción da planta de tratamento de residuos animais (Xunta de Galicia) e para a implantación de medidas ambientais da P.T. de Vigo (Concello). Estímase un importe de 3.305.327.- € para o ano 2.006.

2.1.3.Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado (T.P.I.).

Este ingreso xurde dos investimentos asociados á instalación dun conxunto caldeira-turbina⁽¹⁾ para o aproveitamento eléctrico dun combustible con máis do 70% de contido en biomasa, nos seguintes conceptos.

- Persoal técnico de apoio.
- Xuros intercalarios (2.006).

¹ O orzamento asociado ao investimento desenvolveuse baixo o suposto de realizar a mesma no Complexo Medioambiental de Cerceda.

Ambos conceptos orixinan un gasto activable de igual contía polo cal non inflúen no resultado do exercicio.

2.2. GASTOS

O orzamento de Gastos realizouse en base ás necesidades de subministros, transporte, operación e mantemento das instalacións para os réximes de funcionamento descritos e en base ás cantidades de residuos e enerxía que se prevé xestionar en 2.006. Descríbense, a continuación, os aspectos fundamentais de cada un dos capítulos.

2.2.1. Aprovisionamentos.

Inclúense 750.000.-€ correspondentes a compras de enerxía no mercado intradiario como consecuencia dos posibles desvíos existentes entre a programación e a produción real.

2.2.2. Gastos de Persoal.

O orzamento de gastos de persoal de Sogama desenvolveuse para o ano 2.006, en base aos custos de plantilla que xorden do actual organigrama, tendo en conta un incremento salarial medio do 2,50%. Ademais, incluíuse o importe de gastos de persoal que conleva a realización dos investimentos necesarios para a instalación de aproveitamento eléctrico de biomasa. Este capítulo ten unha contrapartida de igual contía en ingresos, como T.P.I.

2.2.3. Amortizacións

Orzamentáronse 10.413.458.- € para o ano 2.006, o cal supón un 3,36% máis que en 2.005, principalmente, polo aumento de amortizacións que orixinan os investimentos novos realizados en 2.005.

2.2.4. Provisións

Dótase unha provisión por valor de 601.012.- € para 2.006 co fin de facer fronte, no futuro, aos gastos ambientais de depuración, de conservación e mantemento das instalacións do vertedoiro de Areosa, unha vez se leve a cabo a súa clausura.

Orzaméntanse tamén, como gastos, os importes necesarios para facer fronte en 2.006 ás obrigacións legais de mantemento e conservación das instalacións actuais do vertedoiro, trala súa clausura.

2.2.5. Servizos exteriores

O orzamento de Servizos exteriores segue proporcionalmente aos parámetros principais de explotación. Deste modo increméntase, por un lado, coa variación do IPC previsto (+3,5%) e, por outro, coas cantidades de residuos urbanos (+7,30%) a xestionar. No caso máis relevante, o dos residuos urbanos, isto podería supoñer un incremento anual do gasto no entorno do 11,06%. No orzamento deste capítulo en 2.006, isto non é así debido ás contrapartidas de ingreso-gasto que se contabilizan en igual contía e que, ata a data, nunca foran orzamentadas por evolucionar con importes menores que o erro de estimación do resto de capítulos.

Estimouse convinte, a efectos do posterior seguimento periodificado, incluír as devanditas partidas nos orzamentos de gastos e ingresos, pois se ben non influirán substancialmente no resultado, permitirá realizar, mes a mes, un seguimento máis axustado aos valores orzamentados.

Basicamente, as devanditas partidas son:

- a) Ingreso-gasto a contabilizar por Sogama en igual contía correspondente á xestión de residuos de envases doutros plans de residuos: A Coruña, Comarca de As Mariñas, Barbanza, etc. Estimado en 2.085.000.- € para 2.006.

- b) Ingreso-gasto a contabilizar por Sogama correspondente á aplicación das provisións do vertedoiro, por valor de 300.000.-€ para 2.006.

2.2.6. Tributos.

Orzaméntanse, neste capítulo, os tributos a que debe facer fronte a Sociedade no normal exercicio da súa función. Deste xeito, recolleuse para todas as instalacións, no ano 2.006, o imposto de actividades económicas (I.A.E.), o imposto sobre bens inmobles (IBI), a cota asociada á moratoria nuclear nas instalacións de produción de enerxía (PTE, PCOG e Biogás) e a taxa xirada polo Concello de Cerceda, do 4% dos ingresos de tratamento de residuos urbanos no vertedoiro de Areosa. Estímase un importe de 1.083.901.-€.

2.2.7. Gastos Financeiros e asimilados.

Neste capítulo, orzamentáanse os gastos correspondentes a:

- a) Intereses de préstamos e créditos.
- b) Gastos a distribuír en varios exercicios.

O cálculo dos intereses de préstamos e créditos realizouse de forma simplificada aplicando ás cantidades pendentes de amortizar en 2.006, de 109.374.768.- € (Project Finance) e 25.729.328.- € (Débeda subordinada) o tipo asegurado no Contrato Swap para o 90% da débeda coas entidades financeiras (4,32% incluíndo o diferencial) e supoñendo o euribor medio de 2,60% así coma un diferencial medio de 1,10%. Tamén se incluíron nesta partida os posibles intereses intercalarios da instalación para o aproveitamento eléctrico da biomasa, anque figuran tamén como ingresos no capítulo “Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado (T.P.I.)”.

En canto aos gastos a distribuír en varios exercicios, recóllense as previsións para 2.006, resultantes da periodificación dos gastos realizados, principalmente, para a implantación do Complexo Medioambiental de Cerceda e a recollida selectiva de envases, por valor de 687.363.- €.

2.3. RESULTADO

Nas condicións indicadas no presente documento, obtense un beneficio antes de impostos de 6.364.023.-€. Habida conta que en 2.006 haberase de tributar pola contía íntegra (salvo posibles beneficios fiscais doutra índole, que non se teñen en conta) isto supón un imposto de Sociedades de 2.227.408.-€ e un beneficio despois de impostos de 4.136.615.-€.

3.- ORZAMENTO DE INVESTIMENTOS

TIPOLOXÍA E IMPORTE DOS INVESTIMENTOS.

O orzamento de investimentos para o ano 2.006 elaborouse co fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións.

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as actuacións que se realizarán.

- Investimentos de substitución, renovación e seguridade.

Inclúense neste apartado os investimentos destinados a reformas e substitución de equipos do Complexo Medioambiental de Cerceda que permitirán a continuidade do proxecto. Tamén se incluíron as actuacións que é imprescindible acometer no campo da seguridade de persoas e instalacións como consecuencia de novas esixencias na materia.

O importe orzamentado, de 590.351.-€, acomódase ao límite permitido no contrato de financiación Senior do Proxecto, fixado polas entidades financeiras en 600.000.-€/ano.

- Investimentos para a mellora de resultados.

Neste capítulo orzamentáronse aquelas actuacións que, ben pola vía da mellora da dispoñibilidade, ben pola diminución de gastos, permitirán mellorar o funcionamento e, polo tanto, os resultados da Sociedade, por un importe de 1.431.908.-€.

- Investimentos para a instalación dun conxunto caldeira-turbina para o aproveitamento eléctrico de biomasa no Complexo Medioambiental de Cerceda.

Orzamentouse o monto do investimento que suporía acometer en 2.006 a adxudicación do Contrato de Construción dunha instalación para o aproveitamento eléctrico de biomasa no Complexo Medioambiental de Cerceda. Se isto é así o importe para o exercicio 2.006 de esta inversión estimase en 8.345.413.-€.

- Outros investimentos.

Prevéese realizar investimentos por valor de 790.000.-€ para a implantación de 2 novas plantas de transferencia incluídos os terreos necesarios.

4.- ORZAMENTO DE CAPITAL

O orzamento de capital recolle no terceiro exercicio, neste aspecto, equilibrado da Sociedade.

De este xeito o orzamento de capital recolle:

- Orixe de fondos: 21.668,53 Miles de euros
- Aplicación de fondos: 21.125,28 Miles de euros
- Aumento do Capital circulante: 543,25 Miles de euros

A Orixe dos fondos baséase en:

- Recursos xerados polas operacións 12.533,12 Miles de euros
- Aportacións de capital 3.654,17 Miles de euros
- Financiación allea a longo prazo
(empréstitos) 5.481,24 Miles de euros

Total Orixe de fondos 21.668,53 Miles de euros

A Aplicación de fondos anterior distribúese como segue:

- Adquisición de Inmobilizado: 11.157,67 Miles de euros

Con seguinte desglose:

Concepto	Miles de Euros
Complejo Medioambiental de Cerceda	10.367,67
Terreos	550,00
Plantas de Transferencia	240,00
TOTAL	11.157,67

- Distribución de Dividendos 1.554,17 Miles de euros
- Cancelación ou traspaso a curto prazo de débeda 8.413,44 Miles de euros

Total Aplicación de fondos 21.125,28 Miles de euros

5.- CONCLUSIONES

En base a todas as consideracións recollidas no presente documento, cabe extraer as seguintes conclusións:

“O orzamento de explotación para o ano 2.006 cumpre o Plan de Viabilidade da Sociedade, no que a resultado se refire. Se ben os capítulos de tratamento de residuos animais e de residuos de envases presentan unhas estimacións de ingresos inferiores ás recollidas no devandito Plan, este efecto se compensa por unha maior cantidade de residuos urbanos, e un maior prezo de venda de enerxía que se espera obter en 2.006. Se este prezo sufrira unha redución conxuntural por debaixo dos valores orzamentados, no podería cumprirse o resultado previsto, polo

cal se considera convinte persistir nas xestións necesarias ante a Xunta de Galicia e outras entidades co fin de restablecer os valores de ingresos previstos no Plan de Viabilidade, para o caso de residuos animais e de valorización enerxética de envases, principalmente.

Outro aspecto de vital importancia, dende o punto de vista financeiro é manter o nivel de cobro aos Concellos no nivel do 100% da facturación pois, habida conta dos investimentos que se estima necesario realizar, doutro modo non se obtería o mínimo de 1,25 para o ratio de cobertura ao servizo da débeda o que podería orixinar serios problemas coas entidades financeiras.

En canto aos investimentos que se orzamentan para a instalación dun conxunto caldeira-turbina para o aproveitamento eléctrico de biomasa, Sogama abre así unha vía de actuación que supoñerá un notable avance no campo medioambiental en Galicia, contribuíndo a:

1.-Implantar estratexias de redución do cambio climático en liña cos obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto.

2.-Promover unha actuación que contribúa á Estratexia Europea de Desenvolvemento sostible.

3.-Desenvolver o proxecto sobre as bases do VI Programa de Acción Comunitaria en Materia de Medio Ambiente.

4.-Cumprimento dos obxectivos recollidos no Plan de Enerxías Renovables en España para o período 2.005-2.010, aprobado o pasado agosto de 2.005.

Esta nova liña de actuación na traxectoria tecnolóxica de Sogama permitirá tamén consolidar os resultados do proxecto tralo éxito do Plan de Viabilidade deseñado en 2.003 outorgando, sen lugar a dúbidas, unha notable estabilidade ás cuantías establecidas como canon para o tratamento de residuos, cuxa evolución estabilizárase no incremento anual previsto do IPC en tanto se manteñan os prezos das enerxías especiais nos seus valores actuais”.

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

Miles de euros

	DEBE		HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS		AUMENTO DAS EXISTENCIAS	
APROVISIONAMENTOS	750	VENDAS NETAS	79.130
GASTOS DE PERSOAL	1.172	Vendas nacionais	28.594
Soldos e salarios	953	Exportacións	0
Seguridade Social a cargo da empresa	219	Prestación de servizos	50.536
Indemnizacións	0	INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN	0
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	Alugueiros	0
Outros	0	Outros	0
AMORTIZACIONES	10.413	INGRESOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	4.952
Do inmovilizado material	10.353	Dividendos	0
Do inmovilizado inmaterial	60	Xuros	171
De gastos de establecemento	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes	0
		Outros	1.475
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	601	Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	3.305
Variación das provisións de existencia	0	SUBVENCIONES A EXPLOTACIÓN	0
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	Da Comunidade Autónoma	0
Variacións outras provisións de tráfico	601	Doutros Entes Públicos (con detalle)	0
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	60.791	Doutros (especificar)	0
Servizos exteriores	57.479	TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO	331
Impostos sobre beneficios	2.227	INGRESOS ORDINARIOS	84.412
Outros tributos	1.084	PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0
Outros gastos de xestión corrente	0		
Dotación ó fondo de reversión	0		
GASTOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	6.548		
De obrigas e bonos	0		
De préstamos e créditos	5.861		
Por descontos de efectos comerciais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0		
Outros	0		
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	687		
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCIEROS	0		
A longo prazo	0		
A curto prazo	0		
SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
GASTOS ORDINARIOS	80.276		
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	4.137		
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIONES	4.137		
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	4.137		
+SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
-SUBVENCIONES Á EXPLOTACION	0		
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
ORZAMENTO DE CAPITAL		
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.		Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS	APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	12.533	
Cash-flow actividades ordinarias	12.533	
Amortizacións	10.413	
Provisións netas de explotación (debe-haber)	601	
Gastos e ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	-2.618	
Resultado ordinario antes de subvencións	4.137	
Subvencións netas á explotación	0	
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	
Gastos e ingresos extraordinarios	0	
APORTACIÓNS DE CAPITAL	3.654	
Da Comunidade Autónoma	1.864	
Doutros entes públicos	0	
De sociedades públicas	0	
Doutros (especificar)	1.791	
SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	0	
Da Comunidade Autónoma	0	
Doutros entes públicos	0	
Doutros (especificar)	0	
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	5.481	
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	
Préstamos doutros entes públicos	0	
Crédito oficial	0	
Empréstitos e outros pasivos análogos	5.481	
Préstamos de empresas do grupo	0	
Préstamos de empresas asociadas	0	
Préstamos doutras empresas	0	
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	
Inmobiliado material	0	
Inmobiliado inmaterial	0	
Alleamento inmovilizado financeiro	0	
Empresas do grupo	0	
Empresas asociadas	0	
Outros investimentos financeiros	0	
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS	0	
Empresas do grupo	0	
Empresas asociadas	0	
Outros investimentos financeiros	0	
TOTAL ORIXES	21.669	
DIMINUCIÓN CAPITAL CIRCULANTE		
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS		0
ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS		0
GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS		0
Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital		0
Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos		0
ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO		11.158
Inmobiliado material		11.158
Terreos e construcións		550
Instalacións técnicas e maquinaria		2.022
Outras instalacións, utensilios e mobiliario		0
Anticipos e inmovilizacións materiais en curso		8.585
Outro inmovilizado material		0
Inmobiliado inmaterial		0
Gastos de investigación e desenvolvemento		0
Propiedade industrial		0
Fondo de comercio, dereitos de traspaso		0
Outro Inmobiliado inmaterial (especificar)		0
Inmobiliado financeiro		0
Empresas do Grupo		0
Empresas asociadas		0
Outros investimentos financeiros		0
ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS		0
REDUCCIÓN DE CAPITAL		1.554
DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS		1.554
A Comunidade Autónoma		793
A outros entes públicos		0
A sociedades públicas		0
A outras (especificar)		762
CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA		8.413
Préstamos da Comunidade Autónoma		0
Préstamos doutros entes públicos		0
Crédito oficial		0
Empréstitos e outros pasivos análogos		8.413
Préstamos de empresas do grupo		0
Préstamos de empresas asociadas		0
Doutras débedas		0
De provedores de inmovilizado e outros		0
TOTAL APLICACIÓNS		21.125
AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE		543
VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA		0
-Aumento das existencias		0
-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos		0
-Aumento debedores excepto Admóns.públicas		3.150
-Aumento debedores das Admóns.públicas		-1.450
-Aumento contas financeiras		319
-Aumento axuste pola periodificación de activos		-301
ACTIVO CIRCULANTE		1.718
-Reducción das existencias		0
-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas		1.325
-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas		325
-Aumento axuste pola periodificación de pasivos		-475
PASIVO CIRCULANTE		1.175
VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA		543

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
BALANCE DE SITUACIÓN	
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Miles de euros

	2.004	2.005	2.006	
ACTIVO				ΔFM 06/05
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos	0	0	0	
Gastos de establecemento	3	0	0	
Inmobilizado inmaterial neto	690	595	535	
Inmobilizado material neto	222.462	217.709	218.513	
Provisións do inmaterial non financeiro	0	0	0	
Inmobilizado financeiro neto	22	21	21	
Accións propias	0	0	0	
Gastos para distribuír en varios exercicios	5.146	4.243	3.556	
Accionistas por desembolsos esixidos	0	0	0	
Existencias	0	0	0	0
Debedores ordinarios	26.916	23.465	26.615	3.150
Debedores administracións públicas	4.882	4.258	2.808	-1.450
Contas financeiras	11.220	10.495	10.814	319
Axustes por periodificación	702	1.000	699	-301
TOTAL ACTIVO	272.043	261.786	263.561	
PASIVO				
Fondos propios	30.389	34.257	40.494	
Subvencións en capital	68.126	64.138	60.833	
Diferencias positivas de cambio	0	0	0	
Outros ingresos para distribuír en varios exercicios	1.540	2.020	2.020	
Provisións para riscos e gastos	0	0	0	
Acredores a longo prazo	135.104	129.772	126.840	
Acredores a curto prazo, ordinarios	33.495	27.467	28.792	1.325
Acredores a curto prazo, administracións públicas	223	550	875	325
Provisións para operacións de tráfico	2.404	3.005	3.606	601
Axustes por periodificación	761	577	102	-475
TOTAL PASIVO	272.043	261.786	263.561	

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
CADRO DE FINANCIAMENTO		
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Miles de euros	

	2.004	2.005	2.006
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	13.122	0	12.533
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	2.881	-8.811	224
Existencias	0	0	0
Debedores excepto Administracións Públicas	2.233	-2.600	3.150
Axustes pola periodificación de activos	0	298	-301
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	0	-624	-1.450
Acredores de administracións públicas	835	327	-325
Acredores excepto administracións públicas	0	-6.028	-1.325
Axustes por periodificación pasivos	-187	-184	475
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	10.241	8.811	12.309
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	673	2.567	9.135
Contribucións de capital	0	0	3.654
Subvencións en capital	0	0	0
Subvencións á explotación	0	0	0
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	0	2.567	5.481
Alleamento de inmovilizado	673	0	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	10.914	11.378	21.445
Menos : DOTACIÓNS	-14.003	-12.103	-21.125
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	5.577	3.690	11.158
Inmovilizado inmaterial	13	0	0
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Reducción de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	1.554
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	8.413	8.413	8.413
Provisións para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	-3.089	-725	319
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	14.309	11.220	10.495
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	11.220	10.495	10.814

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.	Miles de euros

	2.004	2.005	2.006
Vendas Netas, prestación de servizos e outros ingresos de explotación	70.901	72.495	79.130
Máis : Variación de existencias de produtos terminados e en curso	0	0	0
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	331
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	70.901	72.495	79.461
Menos : Aprovisionamentos	273	0	750
Menos : Gastos externos e de explotación	51.156	51.500	58.563
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	19.471	20.995	20.147
Menos : Outros gastos	0	0	0
Menos : Gastos de persoal	761	968	1.172
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	18.711	20.027	18.975
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	10.155	10.075	10.413
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico	601	601	601
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	7.954	9.351	7.961
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuír imputados	3.574	3.306	4.952
Menos : Gastos financeiros	6.608	7.209	6.548
Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras	0	0	0
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	4.920	5.448	6.364
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	0	0	0
Menos : Variación das Provisións do inmovilizado	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS	4.920	5.448	6.364
Máis : Subvencións netas á explotación	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	4.920	5.448	6.364
Menos : Impostos sobre sociedades e outros	0	1.111	2.227
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	4.920	4.337	4.137

-0

